

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE XUSTIZA

**13872** *Real decreto 1148/2015, do 18 de decembro, polo que se regula a realización de pericias, por solicitude de particulares, polos institutos de medicina legal e ciencias forenses, nas reclamacións extraxudiciais por feitos relativos á circulación de vehículos de motor.*

Os institutos de medicina legal e ciencias forenses son órganos técnicos adscritos ao Ministerio de Xustiza ou ás comunidades autónomas que recibiron os traspasos de funcións e servizos en relación cos medios materiais da Administración de xustiza, cuxa misión principal é auxiliar a Administración de xustiza no ámbito da súa disciplina científica e técnica.

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, despois da súa reforma pola Lei orgánica 7/2015, do 21 de xullo, permite agora que os médicos forenses que prestan os seus servizos nos institutos de medicina legal e ciencias forenses poidan realizar, ademais deste imprescindible labor, o de emitir informes e ditames por solicitude dos particulares nos casos que se determinen regulamentariamente. Con iso pretendeuse que tamén estes profesionais puidesen intervir, na resolución extraxudicial de conflitos, mediante fórmulas que propiciasen solucións rápidas, seguras e efectivas, especialmente cando unha das partes fose vítima dun suceso danoso do cal xurdise o seu dereito a ser indemnizada.

Esta posibilidade recóllese na recentemente aprobada Lei 35/2015, do 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación, onde se regula unha nova vía extraxudicial de resolución de conflitos entre os prexudicados e as entidades aseguradoras, recollida xa no artigo 7 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro.

Esta reforma prevé a posibilidade de que as partes, prexudicados e aseguradoras, se poidan beneficiar da calidade, experiencia e imparcialidade pericial que achegan os médicos forenses, como especialistas recoñecidos no noso sistema xudicial, e se considere a súa posible participación a través dos institutos de medicina legal e ciencias forenses cando, ben de mutuo acordo, ben por solicitude do prexudicado, se considera oportuna a súa intervención. Con iso, búscase ofrecer unha canle máis de resolución sobre a base dunha valoración do dano persoal e unha redución importante dos custos e tempos de tramitación, que axuden a minorar os sufrimentos padecidos polas vítimas dos accidentes de circulación.

O novo artigo 7 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor establece que regulamentariamente se poidan precisar as cuestións relativas ao procedemento de solicitude, emisión, prazo e entrega do informe emitido polo instituto de medicina legal e ciencias forenses correspondente, ademais de que por esta vía se garanta a especialización dos médicos forenses na valoración do dano corporal a través das actividades formativas pertinentes.

Este real decreto aborda o dito procedemento. Deste modo séntanse as bases de actuación que garantan non soamente a calidade da pericia, senón tamén un procedemento que determine o instituto competente para a emisión do ditame cando lle sexa solicitado, así como aquelas regras que se deban seguir para asegurar a máxima obxectividade e calidade nos resultados da peritación. Ademais, para maior garantía de calidade e de igualdade de trato en calquera parte do territorio do Estado, é necesario establecer unha normativa común que regule a petición pericial e o procedemento para a realización das probas e informes de maneira que se apliquen unhas normas mínimas a todos os institutos de medicina legal e ciencias forenses, con independencia da súa comunidade autónoma.

Por último, cabe sinalar que, en aplicación do principio de competencia, ao Ministerio de Xustiza e ás comunidades autónomas que recibiron o traspaso en materia de xustiza lles corresponderán a determinación e a regulación do prezo público que se fixe como contraprestación da pericia nos seus respectivos ámbitos territoriais.

O presente real decreto elaborouse tendo en consideración o informe emitido para o efecto polo Consello Médico Forense e foron consultadas as comunidades autónomas afectadas, así como as asociacións de vítimas máis representativas e o sector asegurador, o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI), as asociacións máis representativas do colectivo médico forense e o Consorcio de Compensación de Seguros.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de decembro de 2015,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto:

- a) Regular o procedemento para solicitar informes periciais aos institutos de medicina legal e ciencias forenses (en diante, IMLCF) nos termos previstos no artigo 7 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro.
- b) Establecer un procedemento común para a elaboración dos informes periciais por parte dos IMLCF.
- c) Fixar un prezo público como contraprestación da pericia.

#### Artigo 2. *Ámbito subxectivo e obxectivo.*

1. Quedan baixo o ámbito subxectivo de aplicación deste real decreto:

- a) Os suxeitos prexudicados definidos no artigo 36 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, cando soliciten a emisión de informe pericial aos IMLCF nos termos establecidos no artigo 7.5 da dita lei.
- b) As entidades aseguradoras afectadas, incluído o Consorcio de Compensación de Seguros, que se entenderá comprendido no concepto de entidade aseguradora deste real decreto, sempre que a solicitude se formule ao abeiro do previsto no artigo 7.5 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.
- c) Os IMLCF de todo o territorio nacional.

2. O ámbito obxectivo de aplicación circunscríbese á emisión do informe pericial de valoración do dano corporal sufrido con ocasión dun accidente de circulación, no marco da reclamación extraxudicial prevista no artigo 7 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, en caso de desconformidade coa oferta motivada, para o cal se emitirá un informe axustado ás regras do sistema de valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación.

## Artigo 3. *Ámbito territorial.*

Este real decreto será de aplicación en todo o ámbito nacional, sen prexuízo das competencias propias das comunidades autónomas que recibisen os traspasos de funcións e servizos en relación cos medios materiais da Administración de xustiza e en materia de prezo público.

## CAPÍTULO II

### **Procedemento de solicitude, elaboración e emisión de informes periciais**

## Artigo 4. *Solicitude.*

1. A solicitude poderana formular de común acordo a entidade aseguradora e o suxeito prexudicado, e poderá ser presentada por calquera deles. Tamén a poderá formular e presentar o suxeito prexudicado pola súa soa instancia; neste caso o IMLCF comunicarao de inmediato á entidade aseguradora.

2. Será competente para a tramitación da solicitude e a emisión do informe pericial o IMLCF do lugar do domicilio da vítima lesionada ou o do lugar onde ocorreu o accidente, pola súa elección.

A solicitude presentarase na sede do IMLCF ou na subdirección territorialmente competente deste, nos lugares que se prevexan na lexislación do procedemento administrativo común das administracións públicas ou, se é o caso, por medios electrónicos, utilizando o modelo establecido para o efecto no anexo I, que poderá ser modificado pola Dirección Xeral de Relacións coa Administración de xustiza e que se publicará no portal da internet da Administración de xustiza. Non obstante, cada comunidade autónoma que recibise os traspasos de funcións e servizos en relación cos medios materiais da Administración de xustiza poderá elaborar e modificar o seu propio modelo, sempre que conteña, como mínimo, toda a información relativa á vítima lesionada, á entidade aseguradora e ás circunstancias do accidente. Calquera das partes poderá designar un representante para notificacións, o que deberá facer constar no referido anexo.

3. Para cada vítima lesionada e accidente solicitarase unha pericia, que poderá dar lugar a un ou a varios informes. Calquera das partes poderá solicitar que se inclúa algún aspecto concreto no informe, o que se deberá facer constar expresamente na solicitude.

4. Á solicitude terase que xuntar, para tramitala, a oferta motivada que a entidade aseguradora emitise, de conformidade co previsto no artigo 7.2 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.

## Artigo 5. *Consentimento e colaboración activa.*

1. Deberá solicitarse o consentimento informado da vítima lesionada, de conformidade coa Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, para a exploración, para autorizar o acceso á documentación do seu historial clínico que sexa de exclusivo interese en relación co accidente sufrido e para a realización de exames ou probas complementarias cando o médico forense os considere necesarios, así como para a cesión á entidade aseguradora dos datos resultantes dos ditos exames e probas.

No caso de que a solicitude se faga de mutuo acordo e sexa presentada pola entidade aseguradora, o IMLCF, antes de realizar a pericia, asegurarse da existencia de consentimento por parte da vítima lesionada, segundo os termos previstos no parágrafo anterior.

2. Tanto o suxeito prexudicado como a entidade aseguradora deberán colaborar activamente co IMLCF, xuntando a documentación necesaria e facilitando a realización da pericia.

*Artigo 6. Información complementaria.*

As partes presentarán, xunto coa solicitude e coa oferta motivada, toda a documentación médica que sexa de interese para o caso e queiran facer valer. O suxeito prexudicado e as entidades aseguradoras informarán o IMLCF dos centros sanitarios que dispoñan da historia clínica da vítima, antecedentes médicos relacionados coas lesións sufridas no accidente ou calquera tipo de informe que poida ser relevante para o caso.

*Artigo 7. Admisión e recursos contra a denegación da pericia.*

1. Unha vez recibida a solicitude, o IMLCF rexistraraa e entregará ao solicitante o correspondente recibo acreditativo da súa presentación.

2. Cando o IMLCF reciba unha solicitude da cal se desprenda que non é competente por razón do territorio, o director, subdirector ou persoa en que deleguen inadmitiraa motivadamente e notificarállelo ao suxeito prexudicado e á entidade aseguradora. De solicitalo aquel, remitirá a solicitude ao instituto competente polo cal optase, conforme o previsto no artigo 4.

O IMLCF que admita unha solicitude comunicarao de forma inmediata a calquera outro que poida ser tamén competente segundo o previsto no dito artigo. De terse recibido noutro IMLCF solicitude en relación coa mesma vítima lesionada e accidente, será competente o instituto que a recibise en primeiro lugar, e o outro deberá arquivar a solicitude presentada ante el.

3. Se o IMLCF advirte calquera defecto ou omisión documental na solicitude, requirirá a parte que a formulase para que emende no prazo de 10 días hábiles, co apercibimento de tela por desistida se non o fai. En caso de que, transcorrido o prazo indicado, o interesado non xuntase a oferta motivada ou a documentación preceptiva, ou non emendase os defectos detectados, considerarase que desiste da pericia por resolución motivada do director, subdirector ou persoa en que delegue.

4. O IMLCF, tras verificar que é competente e que están cubertos os datos da vítima lesionada, da entidade aseguradora e do accidente e que se xunta a oferta motivada, dará curso á solicitude para a realización da pericia, e comunicará ás partes a súa admisión.

Na dita comunicación o IMLCF poderá notificar á vítima lesionada e á entidade aseguradora a data, a hora e o lugar para a realización da exploración.

5. Contra a resolución que inadmita ou teña por desistida a solicitude poderase interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes, ante o director xeral de Relacións coa Administración de Xustiza ou ante o órgano competente da respectiva comunidade autónoma.

Á presentación, tramitación e resolución do dito recurso seralles de aplicación a normativa reguladora do procedemento administrativo común para as administracións públicas, no relativo aos recursos administrativos, vixente no momento da súa interposición.

*Artigo 8. Criterios de repartición.*

1. A repartición interna entre os peritos das solicitudes admitidas no IMLCF será realizada polo director ou polo subdirector do IMLCF, que poderá pedir a colaboración dos xefes de servizo ou de sección competentes.

2. As normas de repartición aplicarán criterios que garantan a obxectividade e a imparcialidade.

En concreto, observaranse as seguintes regras, sen prexuízo das que estableza para estes efectos cada comunidade autónoma que recibise os traspasos de funcións e servizos en relación cos medios materiais da Administración de xustiza:

1.<sup>a</sup> Fixaranse criterios obxectivos que procuren a maior participación dos profesionais do servizo ou da sección competentes por razón da materia, ou de todo o IMLCF, segundo sexa a estrutura organizativa do instituto, preferentemente por rotación e especialización ou cualificación do persoal forense.

2.<sup>a</sup> En ningún caso se lle asignarán sistemática ou preferentemente ao mesmo perito os asuntos dunha entidade aseguradora concreta. Nin a entidade aseguradora nin o suxeito prexudicado poderán elixir un perito concreto.

3.<sup>a</sup> Os casos de especial dificultade poderanse asignar a un equipo de dous ou máis peritos.

#### Artigo 9. *Citación e realización da pericia.*

1. O IMLCF realizará a citación se non o fixo previamente.

2. Cada IMLCF establecerá os lugares adecuados para levar a cabo as pericias tendo en conta criterios de proximidade e centralización.

3. Previamente á exploración informarase a vítima lesionada sobre a natureza e as consecuencias desta e solicitarase e rexistrase o consentimento expreso do artigo 5.1. A exploración abranguerá os aspectos físicos e psíquicos da vítima lesionada. Neste acto poderase solicitar tamén a documentación do historial clínico que poida ser de interese en relación co accidente sufrido, ou os informes que consten noutras institucións sanitarias, ou solicitar a realización de probas complementarias, para o cal a vítima lesionada deberá asinar o consentimento informado expreso, que será individual respecto a cada proba que se acorde.

As ditas probas complementarias serán por conta da entidade aseguradora sempre que esta preste o seu consentimento para a súa realización, e deberán ser efectuadas no centro sanitario concertado comprendido dentro dos convenios sanitarios que se subscriban coa sanidade pública ou privada.

Non obstante, se o lesionado realizase o tratamento nun centro sanitario non adherido aos convenios de asistencia sanitaria, as probas complementarias poderanse realizar no dito centro, sempre que ambas as partes presten o seu consentimento previo, e o custo distribuirase a partes iguais entre a vítima lesionada e a entidade aseguradora.

4. En caso de que a vítima lesionada non preste o seu consentimento á exploración, non acuda á súa realización sen causa xustificada, ou non xunte a documentación ou a información requirida que resulte imprescindible para a realización do informe, considerarase que desiste da pericia. O IMLCF, neste caso, deberá notificalo ás partes mediante resolución motivada do director, subdirector ou persoa en quen delegue, que será impugnabile nos termos do artigo 7.5.

#### Artigo 10. *O informe pericial.*

O informe pericial é un informe que emite o IMLCF, con todas as garantías deste organismo público, con carácter oficial e sometido ao control de calidade establecido neste decreto.

Por cada accidente e vítima lesionada emitirase un informe definitivo, cando as lesións se consolidasen e non existan secuelas ou aquelas se estabilizasen e se convertesen en secuelas. Todo iso sen prexuízo de que se poidan emitir informes iniciais ou de evolución.

#### Artigo 11. *Contido do informe.*

1. O informe axustarase ás regras e ao sistema recollido no texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.

2. O dito informe conterá, como mínimo:

a) A identificación da vítima lesionada, a entidade aseguradora e o perito ou os peritos do IMLCF responsables.

b) A información relevante do accidente.

c) A información médica da vítima lesionada na cal se basea o informe, con indicación precisa, se é o caso, das fontes, documentos e probas realizadas.

d) A determinación e medición das secuelas e das lesións temporais con todas as súas perdas indemnizables que requiran valoración médica, de acordo coa solicitude realizada.

e) Lugar, data e hora da exploración.

3. O informe utilizará o modelo establecido para o efecto no anexo II, que poderá ser modificado pola Dirección Xeral de Relacións coa Administración de xustiza e se publicará no portal da internet da Administración de Xustiza. Non obstante, cada comunidade autónoma que recibise os traspasos de funcións e servizos en relación cos medios materiais da Administración de xustiza poderá elaborar e modificar o seu propio modelo, sempre que conteña, como mínimo, a información establecida no punto anterior; e este deberá publicarse nos sitios web que se determinen.

#### Artigo 12. *Control de calidade e remisión aos interesados.*

1. O informe debe ir asinado polos peritos do IMLCF que o elaboraron ou polos peritos que participaron na exploración da vítima lesionada ou no estudo do caso. Ademais, deberá ir visado polo xefe de servizo ou sección correspondente, ou polo perito que se designe, que comprobará que se seguiron as normas científico-técnicas adecuadas.

2. Se se detecta erro material ou falta de adecuación aos criterios do baremo vixente, o xefe de servizo ou sección, ou o perito que o revisase, así como o director ou o subdirector, promoverán a súa corrección e, se existe discrepancia, buscarase o acordo mediante debate nas sesións clínicas en que participará o conxunto do servizo ou sección e a dirección ou subdirección, ou procederá de acordo coas normas de funcionamento do propio IMLCF. O informe definitivo non poderá conter opinións discrepantes.

Non obstante o anterior, as comunidades autónomas que recibisen os traspasos de funcións e servizos en relación cos medios materiais da Administración de xustiza poderán establecer as súas propias normas para garantir o control de calidade dos informes.

3. O informe, xunto cos resultados das probas que, se é o caso, se realizasen, entregarase ao suxeito prexudicado dentro do mes seguinte á realización da exploración, salvo que a complexidade do caso, que deberá ser motivada, requira unha ampliación do prazo. Así mesmo, remitirase unha copia á entidade aseguradora. A entrega realizarase aínda no suposto de falta de pagamento do prezo público, sen prexuízo do establecido no artigo 16.

No prazo máximo de sete días hábiles desde a data da recepción do informe pericial, o suxeito prexudicado e a entidade aseguradora poderán solicitar unha aclaración do informe sobre algún aspecto que se pedise e que non fose resolto con claridade ao emitirse o informe pericial.

#### Artigo 13. *Confidencialidade e responsabilidade.*

1. O IMLCF manterá a confidencialidade dos datos para aqueles aspectos que non sexan estritamente necesarios para a elaboración do informe, de acordo cos principios que regulan a actuación sanitaria e coas normas de protección de datos de carácter persoal.

2. Pola súa parte, os suxeitos prexudicados e as entidades aseguradoras actuarán en todo o procedemento de acordo cos criterios de boa fe e máxima colaboración, e deberán responder da veracidade dos datos achegados ao IMLCF para a elaboración da pericia e evitar dilacións indebidas na súa intervención.

### CAPÍTULO III

#### **Contraprestación da pericia**

#### Artigo 14. *Contraprestación da pericia.*

1. Exixirase un prezo público como contraprestación á realización da pericia por parte dos IMLCF regulada no presente real decreto, de acordo co establecido na lexislación sobre taxas e prezos públicos e, especialmente, na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.



2. O prezo público será único para cada pericia e incluírá todos os informes do IMLCF que sexan necesarios para a determinación e medición das secuelas e das lesións temporais. Non incluírá as probas complementarias que se deban realizar en centros médicos ou hospitalarios.

Artigo 15. *Obrigados ao pagamento.*

A entidade aseguradora que emitise a oferta motivada será a obrigada ao pagamento do prezo público derivado da realización dos informes periciais a que se refire este real decreto.

Artigo 16. *Xustificación do pagamento.*

1. En caso de solicitude formulada de mutuo acordo, a entidade aseguradora deberá presentar a documentación acreditativa do pagamento do prezo público directamente ante o IMLCF ou facilitala ao suxeito prexudicado para que este a xunte á súa solicitude.

Se é o suxeito prexudicado quen solicita pola súa soa instancia a pericia e non consta o pagamento do prezo público, o IMLCF reclamará á entidade aseguradora o xustificante deste.

2. O IMLCF deberá entregar o informe pericial ao suxeito prexudicado en todo caso, sen prexuízo de que, no suposto de falta de pagamento do prezo público, o comunique á Dirección Xeral de Relacións coa Administración de Xustiza ou á unidade da comunidade autónoma competente para que inicie o procedemento de reclamación en vía de constrinximento.

3. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas establecerán os mecanismos necesarios para posibilitar a liquidación e o pagamento telemático.

Disposición adicional primeira. *Aplicación de medios electrónicos.*

1. As administracións públicas implementarán os recursos tecnolóxicos suficientes para a xestión deste procedemento por medios electrónicos.

2. Ademais, establecerán sistemas seguros de comunicación electrónica para a recepción e o envío de solicitudes, informes e actos de comunicación.

3. Os procedementos informáticos para realizar o pagamento do prezo público a través de medios electrónicos publicaranse no portal da internet da Administración de xustiza ou nos sitios web que determinen as comunidades autónomas competentes.

4. Mentres non se establezan os medios tecnolóxicos necesarios, poderanse utilizar os medios e procedementos establecidos na normativa administrativa vixente.

Disposición adicional segunda. *Formación dos médicos forenses.*

O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas que recibisen os traspasos de funcións e servizos en relación cos medios materiais da Administración de xustiza incluírán nos programas de formación continua dos médicos forenses as propostas adecuadas para a formación en valoración do dano corporal, entre elas, a realización de encontros nacionais, exercicios prácticos de intercomparación, talleres e sesións clínicas. No seu desenvolvemento poderase contar coa colaboración tanto das asociacións de vítimas como de entidades aseguradoras.

O Ministerio de Xustiza e as referidas comunidades autónomas poderán establecer os oportunos convenios co Centro de Estudos Xurídicos para levar a cabo esta formación, sen prexuízo da colaboración con universidades e outros organismos e entidades públicos e privados.

Disposición adicional terceira. *Creación dun grupo de garantía de calidade.*

O Consello Médico Forense poderá crear un grupo de traballo, conformado por un número reducido dos membros do Comité Científico Técnico, no seo do propio Consello e conforme o establecido no Real decreto 355/2014, do 16 de maio, polo que se crea e se

regula o Consello Médico Forense, que terá a función de estudar e avaliar a calidade dos informes de valoración dos IMLCF que o soliciten. O funcionamento deste grupo de traballo será atendido cos medios propios do Ministerio de Xustiza nos termos regulados polo citado real decreto. Como resultado, o grupo emitirá un informe no cal se recollerán tanto as valoracións positivas como as negativas, así como as propostas de medidas correctivas, se é o caso.

Así mesmo, revisará e elaborará as propostas de actividades formativas e os protocolos de actuación interna dos IMLCF, que serán publicados no sitio web do Consello Médico Forense, á disposición dos institutos que desexen aplicarlos.

Disposición adicional cuarta. *Non incremento de gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións, nin retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Réxime aplicable nos territorios en que non se constituíse un instituto de medicina legal e ciencias forenses.*

Dado o seu carácter de informe emitido por un órgano oficial, a realización de informes periciais por solicitude das partes, naqueles lugares onde non se constituíse ou puxese en funcionamento un IMLCF, efectuarase do modo e da forma que determine a Administración competente, garantírase, en todo caso, o cumprimento das disposicións que contén este real decreto en canto a prazos, tramitación da solicitude, entrega de documentación, estrutura dos informes e control de calidade.

Isto será de aplicación mentres non se constituía ou se poña en funcionamento o correspondente IMLCF.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación temporal.*

As disposicións que establece o presente real decreto aplicaranse unicamente aos accidentes de circulación que se produzan tras a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.5.<sup>a</sup> e 6.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de Administración de xustiza e de lexislación procesual.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2016.

Dado en Madrid o 18 de decembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Xustiza,  
RAFAEL CATALÁ POLO



**ANEXO I****SOLICITUDE INFORME FORENSE****Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses de:**

- Solicitud**  De común acordo entre a entidade aseguradora e o suxeito prexudicado  
 Por instancia do suxeito prexudicado

**Datos do solicitante:****Datos da vítima lesionada**

Nome da vítima lesionada:

1º apelido:

2º apelido:

DNI:

Sexo:

Data de nacemento:

Enderezo:

Nº

Portal:

Escaleira:

Andar:

Letra:

Municipio:

Provincia:

Código postal:

Teléfono:

Correo electrónico:

Móbil:

**Representante designado para as notificacións:**

Nome do representante:

1º apelido:

2º apelido:

DNI:

Tipo de representante:

Enderezo:

Nº

Portal:

Escaleira:

Andar:

Letra:

Municipio:

Provincia:

Código postal:

Teléfono:

Correo electrónico:

Móbil:

Suxeito preferente de notificación:  Ao suxeito prexudicado  Ao representanteMedio preferente de notificación:  Domicilio  Correo electrónico

### Datos da entidade aseguradora

Nome ou razón social:

CIF/DNI:

Enderezo:

Nº:

Municipio:

Provincia:

Código postal:

Teléfono:

Correo electrónico:

Número de sinistro:

Data accidente:

Matrícula:

Medio preferente de notificación:  Domicilio  Correo electrónico

### Datos do accidente:

Accidente laboral Si  Non

Lugar, data e hora do accidente:

Matrícula vehículos implicados:

Informes presentados:

Oferta motivada (débase xuntar):

En caso de non coincidencia entre o lugar do accidente e o do domicilio da vítima lesionada e para efectos de selección do Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses, a vítima lesionada elixe:

Lugar do domicilio

Lugar do accidente

**Documentación presentada polas partes:**

**Observacións** (poderanse incluír as peticións a que fai referencia o artigo 4.2)

Xunta documentación acreditativa do pagamento do prezo público?

Si

Non

Lugar, data e sinatura.

**ANEXO II**  
**INFORME FORENSE**  
**Previsión/valoración de danos persoais**

**Datos xerais.**

Solicitante do informe:	
Número de referencia:	
Data da solicitude:	
Entidade aseguradora:	
Lugar, data e hora do accidente:	Número de sinistro:
Matrícula (en caso de coñecerse)	

**Datos da vítima lesionada**

Nome e apelidos:	NIF	
Data de nacemento	IDADE	
Pode ser accidente laboral?:	SI	NON
Sexo		
Profesión:	Ocupación (activo, desempleado, tarefas do fogar, estudante pendente de acceder ao mercado laboral menor de 30 anos)	

**Datos da pericial**

Perito (s)		
Accidente (lugar)	Data	Hora

**1. Fontes do informe:****2. Descrición do feito referido; resumo do accidente:**

<b>Descrición do feito referido, incluíndo a condición da vítima lesionada (CIE10 capítulo XX):</b>	
---	--

**3. Antecedentes patolóxicos relacionados co accidente:****4. Descrición das lesións sufridas (diagnósticos):**

<b>Descrición de lesións principais (CIE10 capítulo XX):</b>	
--	--

**5. Tratamento realizado e evolución clínica, con especificación do centro e da data da primeira asistencia:****6. Estado actual. Resultado da exploración física e psíquica (se é o caso):****7. Consideracións médico-legais sobre a existencia de criterios de causalidade entre as lesións sufridas e o accidente, con especial consideración dos traumatismos menores da columna vertebral.****8. Prexuízo persoal básico e por perda temporal de calidade de vida:**

- Número de días de prexuízo de perda temporal de calidade de vida básico.
- Número de días de prexuízo de perda temporal de calidade de vida moderado.
- Número de días de prexuízo de perda temporal de calidade de vida grave.
- Número de días de prexuízo de perda temporal de calidade de vida moi grave.

**9. Prexuízo persoal por intervencións cirúrxicas:**

Descrición (tipo de anestesia, natureza da intervención, técnica cirúrxica):

**10. Secuelas (indíquese código da táboa 2.A.1 e a súa puntuación):**

- Secuelas concurrentes:
- Secuelas interagravatorias:
- Secuelas agravatorias de estado previo:

**11. Prexuízo estético:**

Gráo:

Puntuación:

**12. Prexuízo por perda de calidade de vida por secuelas:**

- Moi grave
- Grave
- Moderado
- Leve

Descrición das actividades esenciais da vida ordinaria en que o lesionado perde a súa autonomía como consecuencia das secuelas do accidente.

Descrición das actividades específicas de desenvolvemento persoal que o lesionado perde a posibilidade de levar a cabo como consecuencia das secuelas do accidente:

**13. Dano moral complementario por prexuízo psicofísico:**

SI

NON

**14. Dano moral complementario por prexuízo estético:**

SI

NON

**15. Prexuízo moral por perda de calidade de vida de familiares:**

SI

NON

**16. Perda de feto a consecuencia do accidente:**

SI

NON

Indíquese semana de xestación:



**17. Gastos previsibles de asistencia sanitaria futura:**SI NON 

- Secuela igual ou superior a 50 puntos. Secuelas concorrentes e as intergravatorias iguais ou superiores a 80 puntos.
- Coma vixil ou vexetativo crónico.
- Secuelas neurolóxicas nos seus graos moi grave e grave.
- Lesións medulares iguais ou superiores a 50 puntos.
- Amputacións ou outras secuelas que precisen a colocación de próteses.

Descrición da necesidade e periodicidade da asistencia sanitaria:

**18. Necesidade de rehabilitación domiciliaria e ambulatoria tras a estabilización:**SI NON 

- Coma vixil ou vexetativo crónico.
- Secuelas neurolóxicas nos seus graos moi grave ou grave.
- Lesións medulares iguais ou superiores a 50 puntos.

Descrición da necesidade e periodicidade da rehabilitación:

**19. Necesidade de próteses e órteses tras a estabilización:**SI NON 

Descrición da necesidade de próteses e/ou órteses atendendo ás circunstancias persoais do lesionado, periodicidade en función da súa vida útil e contía.

**20. Necesidade de axudas técnicas ou produtos de apoio para a autonomía persoal en caso de perda moi grave ou grave tras a estabilización:**SI NON 

Descrición da necesidade das axudas técnicas e dos produtos de apoio:

**21. Necesidade de adecuación de vivenda en caso de perda de autonomía persoal moi grave ou grave tras a estabilización:**

SI NON 

Descrición da necesidade:

**22. Perda de autonomía que afecta a mobilidade tras a estabilización:**

SI NON 

Indíquese como afecta a perda de autonomía á mobilidade e, en especial, para seguir desenvolvendo as súas actividades habituais e a dificultade para utilizar medios de transporte público:

**23. Necesidade de axuda de terceira persoa tras a estabilización:**

SI NON 

Descrición da necesidade da asistencia por terceira persoa:

Tempo necesario: (horas)

**24. Incapacidade para realizar o seu traballo ou actividade profesional tras a estabilización:**

SI NON 

Incapacidade para realizar calquera tipo de traballo ou actividade profesional ou a totalidade das tarefas do fogar.

Incapacidade para realizar o seu traballo ou actividade profesional ou a imposibilidade de levar a cabo unha gran cantidade e variedade de actividades laborais (menores de 30 anos pendentes de acceder ao mercado laboral) ou a imposibilidade de levar a cabo as tarefas fundamentais do fogar.

Alteración parcial nunha cantidade superior ao 33% no rendemento normal do seu traballo ou actividade profesional.

**25. COMENTARIOS / OBSERVACIÓNS**

Asinado:

Visto e praxe: